

ORDENANZA FISCAL Nº 14

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS OU AUTORIZACIONS ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.

FUNDAMENTO LEGAL.-

ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizaci3ns administrativas de autotaxis e demais veh3culos de aluguer*.

FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.

ARTIGO 2º.-

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A concesión, expedición e rexistro da licenza e autorización administrativa para o servicio de transporte en auto-taxis e demais veh3culos de aluguer das clases A, B, e C do Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes de Autom3biles lixeiros.
- b) O uso e explotación das licenzas de ditas clases A, B, e C.
- c) A aplicaci3n das licenzas a outro veh3culo, por substituci3n do anterior.

DEVENGO.

ARTIGO 3º.-

A obriga de contribuír nace e devengase a taxa, na data en que se conceda ou expida a correspondente licenza ou autorizaci3n.

SUXEITO PASIVO.

ARTIGO 4º.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro , e en particular as que a continuaci3n se indican:

- a) Pola concesión, expedición e rexistro, e polo uso e explotación das licenzas das clases A, B, e C, a persoa que ó seu favor se expidan.
- b) Pola substituci3n do veh3culo afecto a unha licenza, o titular da mesma.

RESPONSABLES.

ARTIGO 5º.-

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 o 43 da Lei Xeral Tributaria 58/03.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.-

ARTIGO 6º.-

- 1.- A base imponible está constituída pola natureza do servicio ou actividade.

2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

T A R I F A

| CONCEPTO | EUROS |
|---|--------------|
| A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licencia | 256,75 |
| B) Sustitución de vehículos. Por cada licencia | 52,50 |

EXENCIONS E BONIFICACIONES.-

ARTIGO 7º.-

Non se concederá ningunha bonificación ou exención que non se prevea nas leis ou tratados internacionais.

ADMINISTRACION E COBRANZA.-

ARTIGO 8º.-

A autorización outorgarase a instancia de parte e, unha vez concedida, entenderase tácita e anualmente prorrogada en tanto o titular non renuncie expresamente a aquela.

ARTIGO 9º.-

O pagamento da cuota efectuarase previa liquidación mediante ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados.

ARTIGO 10º.-

As liquidacións da taxa notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no artigo 102 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03, que a continuación se indican:

- a) Dos elementos esenciais da liquidación.
- b) Dos medios de impugnación que poder ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que terán de ser interpostos.
- c) Do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

ARTIGO 11º.-

As cuotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario, faranse efectivas pola vía de prema, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

INFRACCIONS E SANCIONS.-

ARTIGO 12º.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, conforme se ordena o artigo 11 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión, Recadación

APROBACION E VIXENCIA.-

DISPOSICION FINAL.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e será de aplicación no exercicio de 2008, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.